

O PAPEL DO ASOCIACIONISMO NO DESENVOLVEMENTO SOCIOEDUCATIVO E CULTURAL DE CONTEXTOS RURAIS. UNHA INVESTIGACIÓN NO CONCELLO DE VEDRA (GALICIA)

Iván García García, Universidade de Santiago de Compostela,
ivan.garcia.garcia@usc.es

As asociacións son agrupacións de persoas constituídas para desenvolver unha actividade colectiva. Dende as súas potencialidades e coas súas limitacións e carencias, axudan a transformar a súa contorna. Non hai dúbidas de que no medio rural o asociacionismo é un elemento importante de vertebración social e cultural, de cohesión e de desenvolvemento local. Un movemento asociativo forte no rural, ben estruturado e cos seus obxectivos claros, repercute de forma directa na mellora do dinamismo do territorio.

Vedra é un concello rural de 5.050 habitantes que se atopa na Comarca de Santiago. O movemento asociativo vedrés leva moitos anos traballando para mellorar o benestar da comunidade e da súa calidade de vida a través do impulso de procesos educativos e culturais, xerando concienciación colectiva. As máis de 70 asociacións existentes están dinamizando proxectos referentes a nivel galego en áreas tan diversas como o teatro, o audiovisual, a dinamización rural, a igualdade, os deportes ou a educación patrimonial e medioambiental.

A particularidade do movemento asociativo do Concello de Vedra é o que nos leva a realizar esta investigación descritiva e interpretativa no marco dunha tese doutoral que ten por finalidade analizar o papel das asociacións no seu desenvolvemento socioeducativo e cultural; aproximándonos á súa historia e radiografiando a súa situación actual, da que como resultado se obteñan pistas chave para o quefacer futuro.

Desenvolvemos esta investigación a través dunha metodoloxía que combinou métodos cuantitativos; como foi a aplicación de 56 cuestionarios válidos ás asociacións locais; e cualitativos, realizando cinco entrevistas semiestruturadas con representantes políticos do concello, un grupo de discusión con seis integrantes do movemento asociativo

vedrés, e finalmente un grupo de discusión con seis persoas expertas-referentes a nivel galego.

Nesta comunicación presentaremos algún dos principais achádegos no relativo ás necesidades das entidades. Tamén queremos aportar unha reflexión en relación ao momento no que nos atopamos. O COVID'19 xerou unha situación sanitaria que está a transformar todas as áreas da vida afectando ao conxunto do sistema social. Esta circunstancia está tendo e terá consecuencias moi importantes no ámbito do asociacionismo. As continuas restricións fixeron parar as actividades asociativas case un ano; a vida sociocultural mudou en gran parte ás pantallas e ao grupo de conviventes; afianzouse o individualismo fronte ao colectivo, e, en definitiva atopámonos ante un tempo novo no que se dilúen moitas das esencias conquistadas. Despois desta parada condicionada pola pandemia, entendemos que a reactivación do movemento asociativo no rural é de vital importancia de cara a poñer o foco na rexeneración de valores veciñais e cidadás. Debemos mostrar a importancia dos beneficios intanxibles ligados á vida comunitaria, ao protagonismo social ou á consecución de valores compartidos. Dalgún xeito, é importante que as entidades se reinicien despois deste parón e que recuperen a ilusión fundacional, escapando desa cultura da satisfacción na que estaban instaladas os últimos anos, e que só producían avances moi pequenos.

Entendemos que é posible que varias asociacións non sexan capaces de reactivarse; e as que sexan quen de facelo terán que orientar novos camiños. Nesta circunstancia a administración local xoga un rol dinamizador esencial ao que non pode renunciar.